

## INFORMACION XERAL

### REQUISITOS DOS PROXECTOS

#### 1.-Que tipo de proxectos son subvencionables no programa CONECTA PEME?

*Proxectos de I+D (investigación industrial / desenvolvemento experimental) en cooperación entre PEMES que teñan por obxecto incrementar a capacidade científico-técnica do tecido empresarial galego en áreas estratéxicas e que estean orientados ao desenvolvemento de tecnoloxías novidosas que supoñan un importante avance para Galicia e contén, a súa vez, con proxección económica e comercial a nivel internacional.*

#### 2.-Que se considera investigación industrial?

*Investigación planificada ou estudos críticos cuxo obxecto é a adquisición de novos coñecementos e técnicas que poidan resultar de utilidade para a creación de novos produtos, procesos ou servizos, ou contribuír a mellorar considerablemente os produtos, procesos ou servizos existentes. Inclúe a creación de compoñentes de sistemas complexos que sexan necesarios para investigación industrial, especialmente a validación de tecnoloxía xenérica, salvo os prototipos.*

#### 3.-Que se considera desenvolvemento experimental?

*A adquisición, combinación, configuración e emprego de coñecementos e técnicas xa existentes, de índole científica, tecnolóxica, empresarial ou doutro tipo, con vistas á elaboración de plans e estruturas ou deseños de produtos, procesos ou servizos novos, modificados ou mellorados. Poderá incluír, por exemplo, outras actividades de definición conceptual, planificación e documentación de novos produtos, procesos e servizos. Entre as actividades poderá figurar a elaboración de proxectos, deseños, plans e demais tipos de documentación sempre e cando non vaia destinada a usos comerciais.*

*Son tamén subvencionables a produción e ensaio experimentais de produtos, procesos e servizos, sempre e cando non poidan utilizarse ou transformarse para o seu uso en aplicacións industriais ou para fins comerciais.*

*O desenvolvemento experimental non inclúe as modificacións habituais ou periódicas efectuadas en produtos, liñas de produción, procesos de fabricación, servizos existentes e outras operacións en curso, aínda cando ditas modificacións poidan representar melloras dos mesmos.*

*Non se entenderá incluído baixo a definición de desenvolvemento experimental o desenvolvemento de prototipos e proxectos piloto que poidan utilizarse para usos comerciais, senón só os destinados a efectos de demostración e validación.*

**4.-O desenvolvemento de prototipos e proxectos piloto sería subvencionable?**

Si, sempre que non se utilicen para usos comerciais. Deberán destinarse só para efectos de demostración e validación.

**5.-A convocatoria está limitada a unha serie de áreas temáticas?**

Os proxectos *poderán abordar calquera área estratéxica para a Comunidade Autónoma de Galicia* entendendo como tal aquela na que Galicia posúe unha contrastada potencialidade para o desenvolvemento de proxectos de I+D de alto impacto, de xeito que a través dunha innovación eficiente liderada polo tecido empresarial se estimule o crecemento económico e sobre todo o emprego. Dentro desta definición estarían incluídas as seguintes áreas: saúde; alimentación, agricultura, pesca e biotecnoloxía; tecnoloxías da información e a comunicación; nanociencias, nanotecnoloxías, materiais e novas tecnoloxías de produción; enerxía; medio ambiente (incluído o cambio climático); transporte (incluída a aeronáutica); ciencias socioeconómicas e as humanidades; a seguridade, a construción e enxeñaría civil e o turismo. Estas áreas deben entenderse sen prexuízo das áreas que poidan definirse en instrumentos de planificación estratéxica da Administración galega e materia de innovación como por exemplo a Estratexia RIS3 galega.

**6.-Podería presentarse un proxecto de I+D individual dunha PEME?**

Non, os proxectos do Programa CONECTA PEMES deben ser proxectos en cooperación, podendo so ser beneficiarios destas axudas as *agrupacións de empresas formada por PEMES* validamente constituídas que presenten un *proxecto en cooperación entre elas* e que deberán formar unha *agrupación sen personalidade xurídica* que se rexerá polo *acordo que as regule* (artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Unha das empresas da agrupación actuará como representante da mesma ante o órgano convocante.

**7.-Esíxese un contido mínimo para o acordo que regula a agrupación?**

Si, o acordo polo que se rexerán as agrupacións deberá contemplar como mínimo:

- a *distribución de actividades do proxecto entre os socios e o seu orzamento.*
- a *xestión da agrupación e un plan de continxencias* ante posibles dificultades.
- acordos de confidencialidade* entre os socios e da *xestión da propiedade industrial e intelectual*, así como da *explotación dos resultados* acadados no proxecto.

**8.-Existe unha tamaño mínimo e máximo da agrupación?**

As agrupacións deberán estar constituídas, como *mínimo, por tres empresas independentes ou autónomas* entre si, *todas elas PEMES*. O *número máximo* de empresas dunha mesma agrupación será de *seis, debendo ser o tamaño da agrupación o necesario para garantir unha xestión eficaz* do mesmo.

**9.-Ademais do tamaño da agrupación esta debe contar con algún requisito máis?**

Si, no caso en que na agrupación non exista ningunha pequena empresa, e sexan polo tanto todas medianas empresas, será necesario que como *mínimo unha pequena sexa subcontratada* por calquera das empresas da agrupación e ademais esta subcontratación debe ser para desenvolver tarefas/actividades de I+D dentro do proxecto.

Será tamén necesario que *no proxecto participe, de xeito relevante, un organismo de investigación que deberá ser subcontratado por unha ou varias empresas* da agrupación. A participación de todos os organismos de investigación que se subcontraten ten que ser significativa debendo contar cunha participación *mínima do 15% do total do orzamento financiable do proxecto e máxima do 25 %*.

**10. E obrigatorio que todos os socios subcontraten o 15% do seu orzamento financiable a organismos de Investigación?.**

Non, so é necesario que ao final as subcontratacións realizadas por un ou por varios membros da agrupación supoñan o 15 % do orzamento total financiable.

**11.-As grandes empresas poden ser beneficiarios destas axudas?**

Non, o programa CONECTA PEMES so financia proxectos en cooperación entre PEMES

**12. Cal e definición de pequena e mediana empresa?**

A establecida no anexo I do Regulamento (CE) nº 800/2008: consideraranse PEMES as *empresas que ocupan a menos de 250 persoas e o seu volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou o seu balance xeral non excede de 43 millóns de euros*. Dentro das PEMES, consideraranse *Pequena e Microempresa*:

CATEGORÍA EMPRESA	EFFECTIVOS (UTA)	VOLUME ANUAL DE NEGOCIOS	BALANCE XERAL
MEDIANA	< 250	≤ € 50milones	≤ € 43milones
PEQUENA	< 50	≤ € 10milones	≤ € 10milones
MICRO	< 10	≤ € 2milones	≤ € 2milones

Táboa

-Os datos seleccionados para o cálculo do persoal (efectivos) e os importes financeiros son os *correspondentes ao último exercicio contable pechado e se calculan sobre una base anual*. Se teñen en conta a partir da data na que se pechan as contas.

-O total de *volume de negocios* calcularase sen o imposto sobre o valor engadido (IVE) nin tributos indirectos

-Cando unha empresa, na data de peche das contas, constate que se superou nun sentido ou noutro sobre unha base anual, os límites efectivos ou financeiros anteriores, esta circunstancia si lle fará perder a calidade de mediana ou pequena empresa, ou de microempresa, se este rebase se produce en dous anos consecutivos.

-En empresas de nova creación que non teñan pechado aínda as súas contas, utilizaranse datos baseados en estimacións realizadas durante o exercicio financeiro.

No caso de empresas autónomas (ver pregunta seguinte) os datos determinaranse unicamente sobre a base das contas de dita empresa. Os datos dunha empresa con empresas asociadas ou vinculadas determinaranse seguindo as indicacións incluídas no artigo 6 do citado anexo I do Regulamento 800/2008.

### **13.-Cando unha empresa pode considerarse autónoma, cando vinculada e cando asociada?**

Na definición de PEME (artigo 3 do anexo I Regulamento (CE) nº 800/2008) distínguense tres tipos de empresas en función do tipo de relación que manteñen con outras empresas en canto a participación no capital, dereito de voto ou dereito de exercer unha influencia dominante:

- as empresas autónomas;
- as empresas asociadas;
- as empresas vinculadas.

*Artigo 3.-Tipos de empresas considerados para o cálculo dos efectivos e os importes financeiros dunha*

1. É unha “empresa autónoma” a que non pode calificarse nin como empresa asociada a efectos do apartado 2, nin como empresa vinculada a efectos do apartado 3.

2. Son “empresas asociadas” todas as empresas ás que non se pode calificar como empresas vinculadas a efectos do apartado 3 e entre as cales existe a relación seguinte: unha empresa (empresa participante) posúe, por si soa ou conxuntamente cunha ou máis empresas vinculadas a efectos da definición do apartado 3, o 25 % ou máis do capital ou dos dereitos de voto de outra empresa (empresa participada).

Una empresa pode, no obstante, recibir a calificación de autónoma, sen empresas asociadas, aínda que se alcance ou se supere o límite máximo do 25 %, cando estean presentes as categorías de inversores seguintes e a condición de que entre estes, individual ou conxuntamente, e a empresa en cuestión non existan os vínculos descritos no apartado 3:

- a) sociedades públicas de participación, sociedades de capital risco, persoas físicas ou grupos de persoas físicas que realicen unha actividade regular de inversión en capital risco (inversores providenciais o “business angels”) e invistan fondos propios en empresas sen cotización bolsista, sempre e cando a inversión de ditos “business angels” na mesma empresa non supere 1.250.000 euros
- b) universidades ou centros de investigación sen fins lucrativos
- c) inversores institucionais, incluídos os fondos de desenvolvemento rexional
- d) autoridades locais autónomas con un orzamento anual de menos de 10 millóns de euros e unha poboación inferior a 5.000 habitantes.

3. Son “empresas vinculadas” as empresas entre as cales existe algunha das relacións seguintes:

- a) unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios de outra empresa
- b) unha empresa ten dereito a nomear ou revocar á maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control de outra empresa
- c) unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato celebrado con ela ou unha cláusula estatutaria da segunda empresa
- d) unha empresa, accionista ou asociada a outra, controla soa, en virtude dun acordo celebrado con outros accionistas ou socios da segunda empresa, a maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas.

Hai presunción de que non existe influencia dominante, cando os inversores enunciados no segundo parágrafo do apartado 2 non teñan implicación directa ou indirecta na xestión da empresa en cuestión, sen prexuízo dos dereitos que lles correspondan na súa calidade de accionistas ou de asociados.

As empresas que manteñan calquera das relacións contempladas no primeiro parágrafo a través de outra ou outras empresas, ou cos inversores enumerados no apartado 2, consideraranse tamén vinculadas.

Consideraranse tamén empresas vinculadas as que manteñan algunha de ditas relacións a través dunha persoa física ou un grupo de persoas físicas que actúen de común acordo, se ditas empresas exercen a súa actividade ou parte da mesma no mesmo mercado de referencia ou en mercados contiguos. Considerarase “mercado contiguo” o mercado dun produto ou servizo situado nunha posición inmediatamente anterior ou posterior á do mercado en cuestión.

4. A excepción dos casos citados no segundo parágrafo do apartado 2, unha empresa non pode ser considerada como PEME, se o 25 % ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto están controlados, directa ou indirectamente, por un ou máis organismos públicos ou colectividade públicas.

5. As empresas poden efectuar unha declaración relativa a súa calificación como empresa autónoma, asociada o vinculada, así como aos datos relativos aos límites máximos enunciados no artigo 2. Pode efectuarse esta declaración aínda que o capital estea distribuído de tal forma que non se poda determinar con precisión quen o posúe, se a empresa declara con presunción lexítima e fiable que o 25 % ou máis de seu capital non pertence a outra empresa ou non o detenta conxuntamente con empresas vinculadas entre elas ou a través de persoas físicas ou dun grupo de persoas físicas.

Tales declaracións no eximen dos controles e verificacións previstos polas normativas nacionais ou comunitarias.

*Más información:*

[http://ec.europa.eu/enterprise/policies/sme/files/sme\\_definition/sme\\_user\\_guide\\_es.pdf](http://ec.europa.eu/enterprise/policies/sme/files/sme_definition/sme_user_guide_es.pdf)

[http://ec.europa.eu/enterprise/policies/sme/facts-figures-analysis/sme-definition/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/enterprise/policies/sme/facts-figures-analysis/sme-definition/index_en.htm)

TEST ON-LINE da Comisión Europea para facilitar a resposta á pregunta ¿son peme ou non?

<http://smetest.uwe.be/> (permite seleccionar o idioma)

#### **14. Que son efectivos de persoal (UTA)?**

Os efectivos de persoal para a definición de microempresa, pequena e mediana empresa corresponden ao número de unidades de traballo anual (UTA) é dicir, o número de persoas que traballan na empresa en cuestión ou por conta de dita empresa a tempo completo durante todo o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, cóntanse como fraccións de UTA.

Nos efectivos contabilízanse as seguintes categorías:

- a) asalariados;
- b) persoas que traballan para a empresa, que teñan con ela un vínculo de subordinación e estean asimiladas a asalariados segundo o Dereito nacional;
- c) propietarios que dirixen a súa empresa;
- d) socios que exerzan unha actividade regular na empresa e conten con vantaxes financeiras por parte da empresa.

Os aprendices ou alumnos de formación profesional con contrato de aprendizaxe ou formación profesional non se contabilizarán dentro dos efectivos. Non se contabiliza tampouco a duración dos permisos de maternidade ou permisos parentales.

#### **15. Como deben participar no proxecto as empresas vinculadas no programa CONECTA PEME**

Cando nun proxecto interveñan empresas vinculadas consonte coa definición anterior, deberán facelo *como membros da agrupación*, non como entidades subcontratadas. *Excepcionalmente*, en aplicación do artigo 27.7 da Lei de subvencións de Galicia, a *Axencia Galega de Innovación poderá autorizar a subcontratación de empresas vinculadas* a unha entidade beneficiaria, cando sexa imprescindible para a execución do proxecto, sempre que se realice de acordo coas condicións normais do mercado e sempre que se produza unha imposibilidade material para que a entidade a subcontratar poida ser membro da agrupación.

#### **16. Con que outros requisitos debe contar a agrupación?**

Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións nas que conorra algunha das *prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007*, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia en calquera dos seus membros,

nin tampouco as *empresas en crise conforme o disposto no artigo 1.7 do Regulamento (CE) 800/2008*,

nin aquelas que están suxeitas a unha *orden de recuperación* pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

**17.-Que entidades se considerarán organismos de investigación?**

Considéranse organismos de investigación as entidades, con independencia da súa condición xurídica (pública ou privada) ou forma de financiamento, cuxo principal obxectivo sexa realizar investigación fundamental, investigación industrial ou desenvolvemento experimental e difundir os resultados das mesmas mediante o ensino, a publicación ou a transferencia de tecnoloxía. Neles todos os beneficios reinvestiranse nesas actividades, a divulgación dos seus resultados ou o ensino. Ademais as empresas que poidan exercer influencia en ditas entidades (por exemplo accionistas ou membros) non gozarán de acceso preferente ás capacidades de investigación da entidade nin aos resultados de investigación que xere.

Así, no marco desta resolución consideraranse organismos de investigación: *os centros públicos de investigación, as universidades, os centros tecnolóxicos, de apoio á innovación tecnolóxica e os centros de investigación e desenvolvemento de titularidade privada sen ánimo de lucro con capacidade para executar actividades de I+D.* Na memoria do proxecto deberá acreditarse de forma *suficiente a capacidade investigadora do centro* que se subcontrate.

**18.-Que significa ser o representante dunha agrupación?**

A PEME *representante* é a encargada de *presentar a solicitude da axuda e canalizar a relación do resto de participantes coa Administración ata a fase de concesión, así como na xustificación* da realización do proxecto. A misión da entidade coordinadora ou representante será, polo tanto, a de impulsar o proxecto en todas as súas fases, sendo *compromiso de todos os participantes o cumprimento dos obxectivos do proxecto xa que todas as entidades* que forman parte da agrupación *terán a condición de beneficiarias* e deberán polo tanto cumprir as súas obrigas como tales.

Respecto o *pagamento*, este non se canalizará tamén a través do representante senón que *efectuarase a cada unha das entidades participantes*, en proporción á parte dos gastos que lle corresponda realizar no proxecto segundo se detalle na resolución de concesión do proxecto.

As entidades participantes da agrupación *responderán solidariamente* da obriga de reintegro en relación ás actividades subvencionadas.

**19. ¿Pode estar formado un consorcio soamente por empresas medianas?**

Segundo os requisitos establecidos na convocatoria as agrupacións deberán estar constituídas por PEMES, como mínimo, tres autónomas entre si, podendo ser polo tanto todas medianas empresas pero, neste caso, será necesario que como mínimo unha pequena sexa subcontratada por calquera das empresas da agrupación para desenvolver tarefas/actividades de I+D dentro do proxecto.

**20.-Os proxectos que se presenten deben ter algún orzamento mínimo, e un máximo?**

Os proxectos de I+D subvencionables ao abeiro desta convocatoria deberán ter un orzamento total subvencionable *mínimo de 600.000 euros* dividido nas distintas actividades a realizar por cada unha das PEMES integrantes da agrupación.

Nesta convocatoria non se fixa *ningún orzamento máximo* para o proxecto

**21.-Un socio da agrupación solicitante do proxecto ten que ter unha participación mínima?**

Si, esixirase unha *participación mínima por socio de 75.000 euros* e o *reparto da participación de cada empresa deberá ser equilibrado, non superando* en ningún caso a participación dunha única empresa (ou grupo de empresas vinculadas ou asociadas) o *65%* do orzamento subvencionable total do proxecto.

**22.-Existe algunha limitación xeográfica para desenvolver o proxecto?**

Só se financiarán as *actividades do proxecto desenvolvidas na Comunidade Autónoma Galega*. Todos os socios da agrupación deberán levar a cabo as súas actividades en Galicia, de xeito que deberán ter na comunidade o seu domicilio social ou algún centro de traballo onde realicen as actividades susceptibles de obter a axuda.

**23. Se unha PEME non conta cun centro de traballo en Galicia no momento da solicitude, podería presentarse?**

Si, pero no momento de presentar a súa solicitude deberán achegar *declaración que acredite que se establecerá en Galicia* antes de iniciarse o proxecto. O cumprimento deste requisito deberá poder *comprobarse antes da resolución da axuda*, na fase de emenda da solicitude como prazo máximo, de xeito que só poderán ser beneficiarias aquelas entidades que poidan demostrar, antes dese momento, que contan cun centro de traballo en Galicia onde desenvolverán o proxecto financiado.

**24.-Podería participar unha PEME que non conte nin vaia contar cun centro de traballo en Galicia?**

Poderán *incluírse pemes que desenvolvan as súas actividades fóra de Galicia valorándose a súa contribución* ao desenvolvemento do proxecto, *pero non recibirían ningún tipo de financiamento* e a súa participación *non contaría de cara a cumprimento dos requisitos mínimos* esixidos na convocatoria: composición da agrupación, orzamento do proxecto e porcentaxe subcontratado a organismos de investigación.

**25.-Ademais dos socios existe algunha outra limitación relacionada co execución xeográfica do proxecto**

Si, Existe ademais unha *limitación na subcontratación de organismos de investigación que realicen actividades do proxecto fóra de Galicia*, admitíndose soamente cando sexa *imprescindible e non exista ningún organismo na comunidade coa capacidade necesaria* para levalas a cabo. En todo caso, a participación destes organismos *non poderá superar a terceira parte do importe total do proxecto subcontratado a organismos de investigación*. *Exceptúanse desta limitación aqueles centros singulares de estatuto internacional*.



**26. Que son os centros singulares de estatuto internacional?**

Son *organizacions de investigación intergubernamentais de ámbito internacional*, un exemplo deles é o *INL* (The International Iberian Nanotechnology Laboratory) situado en Braga e creado conxuntamente polos gobernos portugués e español

**27.-Cal pode ser a duración máxima dos proxectos?**

Dende a *data de presentación da solicitude ata o 30 de xuño de 2015*.

**28.-Que é o efecto incentivador?**

Ademais da composición da agrupación e as esixencias mínimas en canto o seu orzamento e subcontratación de organismos de investigación, o proxecto para ser subvencionable debe cumprir co efecto incentivador recollido no artigo 8 do Regulamento 800/2008 e que, no caso de PEMES, *cúmrese sempre e cando a data de inicio das actividades do proxecto sexa posterior á data de presentación da solicitude*.

Segundo o Regulamento 800/2008 considerase que as axudas á I+D+i non ofrecen incentivos ao beneficiario e polo tanto non contan cun efecto incentivador, cando a actividade de I+D+I xa se iniciase antes da presentación da solicitude de axuda.

**29.-Podería solicitarse a axuda para un proxecto de I+D xa iniciado antes da presentación da solicitude?**

*Non porque non cumpriría o efecto incentivador*. Isto supón ademais que non se poden incluír na solicitude ningún gasto anterior a súa data de presentación.

**30. Debe presentarse algunha memoria do efecto incentivador da axuda como noutras axudas?**

*Non é necesario porque neste programa so concede axudas a PEMES*.

**31.-Cal e a modalidade destas axudas?**

A axudas do PROGRAMA CONECTA PEMES concederanse en forma de *subvencións*, establecéndose a *subvención máxima* que pode ser concedida a unha entidade segundo os límites de intensidade previstos no artigo 31.3 do Regulamento xeral de exención de categorías e que se recollen na seguinte táboa

	PEMES	
	Pequena empresa	Mediana empresa
<b>Investigación industrial con colaboración efectiva entre empresas</b>	80%	75%
<b>Desenvolvemento experimental con colaboración efectiva entre empresas</b>	60%	50%

Táboa II

**32. Poderían financiarse dentro do programa CONECTA PEMES proxectos con actividades de desenvolvemento experimental e actividades de investigación industrial?**

Si, pero no caso en que haxa actividades de investigación industrial e actividades de desenvolvemento experimental nun mesmo proxecto, este será considerado como un proxecto de desenvolvemento experimental.

**33. Pódense financiar proxectos de investigación industrial?**

Dado o obxecto do programa CONECTA PEMES orientado ao desenvolvemento de tecnoloxías novidasas que supoñan un importante avance para Galicia, *con carácter xeral* os proxectos que se financiarán serán *proxectos de desenvolvemento experimental* pero, se na fase de avaliación se detectase algún que poda incluírse na categoría de investigación industrial tamén se poderá subvencionar no marco do presente programa.

**34.-Son compatibles as axudas do PROGRAMA CONECTA PEMES con outras?**

Non, as axudas previstas neste programa *son incompatibles* coa percepción de calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade ou os mesmos custes procedentes de calquera Administración ou ente público privado, nacional ou internacional.

**35. Os proxectos que se aproben no marco do PROGRAMA CONECTA PEMES teñen cofinanciamento comunitario?**

Si, as axudas obxecto desta orde poden estar cofinanciadas con cargo aos fondos FEDER

**36. ¿O acordo da agrupación ou consorcio debe estar asinado na presentación da proposta ou pode entregarse o orixinal con posterioridade, en que prazo?**

O acordo deberá aportarse na solicitude se xa estivese suscrito e senón sempre antes da resolución de concesión durante o período de subsanación

**-Unha asociación empresarial pode ser solicitante dun proxecto CONECTA PEME? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Non, os solicitantes *deben ser empresas* e dentro de elas PEMES

**-O representante da agrupación debe ser unha mediana empresa? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Pode ser *calquera tipo de empresa mentres sexa PEME* (pequena ou mediana)

**-Poden participar empresas vinculadas entre elas nunha agrupación? (DATA ACTUALIZACIÓN: 17/09/2013)**

Sí, pero *de cara a composición mínima da agrupación (3 empresas autónomas) todas as entidades vinculadas entre si contarán como unha soa*, é dicir, se temos unha agrupación de 3 empresas: A, B e C e A e C están vinculadas entre si, esta agrupación, en termos do cumprimento da composición mínima, so estaría formada por 2 empresas (ao estar A e C vinculadas), polo que non cumpriría os requisitos da convocatoria.

*O que non está permitido, segundo o artigo 11 da convocatoria, é que as empresas da agrupación subcontraten a entidades vinculadas. So en casos moi excepcionais e sempre con autorización da Axencia Galega de Innovación se poderían permitir estas subcontratacións.*

Debe terse en conta ademais que para a *participación máxima no orzamento do proxecto* (65% do orzamento total) *as entidades vinculadas e asociadas contan como unha*. No exemplo anterior, por tanto, os orzamentos de A e C non poderían supoñer conxuntamente un importe maior ao 65% orzamento do proxecto.

Para o resto de termos da convocatoria cada empresa, ex. *composición máxima* (6 entidades) ou *orzamento mínimo por entidade* (75.000€), todas as empresas estean vinculadas ou non contan como 1 socio. Así, no exemplo anterior a agrupación tería 3 socios e a cada un, incluído A e C se lles esixiría un orzamento mínimo individual de 75.000 euros.

**-Como deben determinarse os datos da empresa (efectivos UTA, Volume de negocio e Balance xeral) para a definición de PEME no caso de empresas: autónomas, asociadas ou vinculadas? (DATA ACTUALIZACIÓN: 17/09/2013)**

“Segundo o [artigo 6 do Anexo I do ANEXO 800/2008](#) (“determinación dos datos da empresa”):

1) No caso de *empresas autónomas*, os datos, incluídos os efectivos, determinaranse unicamente sobre a base das contas de dita empresa.

2) Os datos, incluídos os efectivos, dunha *empresa con empresas asociadas ou vinculadas*, determinarase sobre a base das contas e demais datos da empresa, ou ben, se existen, sobre a base das contas consolidadas da empresa, ou das contas consolidadas nas cales a empresa estea incluída por consolidación.

Aos datos contemplados no parágrafo primeiro deben agregarse os datos das posibles empresas asociadas coa empresa en cuestión, situadas en posición inmediatamente anterior ou posterior a esta. A agregación será proporcional á porcentaxe da participación no capital ou nos dereitos de voto (a máis elevada destas dúas porcentaxes). No caso de participacións cruzadas, aplicarase a porcentaxe máis elevada.

Aos datos contemplados nos parágrafo primeiro e segundo engadirase o 100% dos datos das empresas que poidan estar directa ou indirectamente vinculadas á empresa en cuestión e que non estean incluídas nas contas por consolidación

3.-A efectos da aplicación do apartado 2, os datos das empresas asociadas coa empresa en cuestión deben proceder das contas consolidadas se existen, e dos demais datos, aos cales se deberá engadir o 100% dos datos das empresas vinculadas a estas empresas asociadas, salvo se os seus datos xa se houberen incluído por consolidación.

A efectos da aplicación do apartado 2, os datos das empresas vinculadas á empresa en cuestión deben proceder das súas contas e dos demais datos consolidados, se existen. A estes haberá de agregárselle proporcionalmente os datos das empresas que poidan estar asociadas a estas empresas vinculadas, situadas en posición inmediatamente anterior ou posterior a estas, salvo se se houberan incluído xa nas contas consolidadas nunha proporción polo menos equivalente á porcentaxe definida no apartado 2, parágrafo segundo.

4. Cando nas contas consolidadas non consten os efectivos dunha empresa dada, calcularanse incorporando de xeito proporcional os datos relativos ás empresas coas cales a empresa estea asociada, e engadindo os relativos a empresas coas que estea vinculada”.

*Más información:*

[http://ec.europa.eu/enterprise/policies/sme/files/sme\\_definition/sme\\_user\\_guide\\_es.pdf](http://ec.europa.eu/enterprise/policies/sme/files/sme_definition/sme_user_guide_es.pdf)

[http://ec.europa.eu/enterprise/policies/sme/facts-figures-analysis/sme-definition/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/enterprise/policies/sme/facts-figures-analysis/sme-definition/index_en.htm)

TEST ON-LINE da Comisión Europea para facilitar a resposta á pregunta ¿son peme ou non?

<http://smetest.uwe.be/> (permite seleccionar o idioma)

**- Unha AIE (agrupación de interese económico) ou unha UTE (Unión Temporal de Empresas) pode ser membro dunha agrupación solicitante dun proxecto? (DATA DE ACTUALIZACIÓN: 01/10/2013)**

Non, so poden ser membros dunha agrupación solicitante dun proxecto empresas individuais

**- Poden ser beneficiarios do programa outro tipo de entidades que, segundo a definición do Anexo I do Regulamento 800/2008 poderían ser consideradas pemes? (DATA DE ACTUALIZACIÓN: 01/10/2013)**

Non, segundo o artigo 5.2 da convocatoria os beneficiarios deben ser pemes pero tamén empresas, de xeito que outro tipo de entidades, aínda que poidan ser consideradas pemes, non serían subvencionables.

**-Pode participar unha grande empresa nun proxecto? (DATA DE ACTUALIZACIÓN: 01/10/2013)**

Si, e incluso podería valorarse a súa aportación ao mesmo, pero nunca recibir financiamento ao abeiro deste programa nin contar para os seus requisitos mínimos.

## CUSTES SUBVENCIONABLES

### XERAIS

#### **37. Dende que data poderían recollese gastos no orzamento do proxecto que se solicite?**

A partir da *data de inicio do proxecto*, que debe ser sempre *posterior a da entrega da solicitude, ata a data de finalización* que se recolla na resolución de concesión. Esta condición aplicarase a todos os tipos de gastos subvencionables.

#### **38. Cal sería a distribución dos gastos por anualidades?**

Para a anualidade de 2013, só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de presentación da solicitude de subvención e a data límite de xustificación establecida na convocatoria: 31 de decembro de 2013.

Para o resto de anualidades, admitiranse os gastos realizados dentro do período comprendido entre a data límite de xustificación da anualidade anterior e a data límite de xustificación da anualidade corrente.

Anualidade 2013	Desde a data de presentación da solicitude ata o 31 de decembro de 2013
Anualidade 2014	Desde o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2014
Anualidade 2015	Desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 30 de xuño de 2015

Táboa III

#### **39. Con carácter xeral que conceptos serán subvencionables dentro do PROGRAMA CONECTA PEMES?**

Aqueles que se axusten as distintas *partidas orzamentarias descritas no artigo 9 da convocatoria* debendo ademais *responder á natureza da actividade subvencionada e ser estritamente necesarios* para o desenvolvemento do proxecto para o que foron concedidos.

En *ningún caso* o custe de adquisición dos *gastos subvencionables* poderá ser *superior ao valor de mercado* e deberán *cumprir os requisitos da Orde EHA/524/2008* do Ministerio de Economía y Hacienda.

#### **-En que anualidade serían subvencionables os seguros sociais do mes de decembro ao pagarse en xaneiro? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

*Na anualidade a cal corresponde o gasto* aínda que o pago dos mesmos non se poda realizar ata o ano seguinte (despois do 31 de decembro da anualidade en cuestión). Deberanse entregar, no mesmo momento en que se dispoñan deles, os documentos xustificativos do seu pagamento.

**Son subvencionables os custes de autónomos? (DATA INCORPORACIÓN: 01/10/2013)**

Si, sempre que estes autónomos, ao ser socios da empresa que exercen funcións de dirección ou xerencia ou socios traballadores de Cooperativas entre outros, se atopen *neste réxime especial* da Seguridade Social *debido á normativa vixente aplicable*.

No caso en que este gasto se xustifique a través de *nóminas* deberá incluírse como gasto de persoal pero, no caso de que se xustifique a través de *facturas*, deberá considerarse na partida de custes de consultaría, asistencia técnica e servizos equivalentes

**PERSOAL****40. Que tipos de custes de persoal son subvencionables no programa CONECTA PEMES?**

A retribución bruta e a seguridade social a cargo da empresa de:

a) *persoal propio da empresa* (investigadores, técnicos e demais persoal auxiliar): sempre e cando o tempo imputado este persoal estea exclusivamente dedicado ao proxecto.

O grupo de cotización e o posto de traballo que desempeñe na empresa cada traballador incluído no proxecto debe corresponderse coa titulación e as actividades que lle se asignan na solicitude.

Serán subvencionables os custes de autónomos socios da empresa que exercen funcións de dirección ou xerencia prestando servizos de forma habitual, persoal e directa e socios traballadores de Cooperativas, entre outros e que se atopan no réxime especial da Seguridade Social como autónomos debido á normativa vixente aplicable.

b) *persoal de nova contratación* para a realización do proxecto, sempre que se dedique de forma exclusiva ao proxecto subvencionado, é dicir, a súa dedicación a él debe ser do 100% e non se permiten contratacións a tempo parcial. Ademais, na solicitude debe incluírse o perfil requirido para a persoa que se pensa contratar. Na posterior xustificación da axuda, no caso de ser o proxecto concedido, non se admitirán contratacións en grupos de cotización inferiores ás titulacións/categorías profesionais indicadas na solicitude e no seu contrato debe incluírse a referencia do proxecto financiado.

Ademais, pero so no caso do representante da agrupación, poderán incluírse tamén os custes de persoal destinado a xestión da axuda

**41. Existe algún tipo de limitación nos custes de persoal do proxecto?**

Si, no *Anexo XI da convocatoria establécense os custes máximos anuais por grupo de cotización* que se terán en conta á hora de calcular os máximos custes subvencionables de cada persoa do equipo investigador segundo a súa porcentaxe de dedicación ao proxecto.

GRUPO DE COTIZACIÓN	TITULACIÓN/CATEGORÍA PROFESIONAL	Max. TOTAL ANUAL <sup>1</sup> (SUELDO BRUTO + SEGURIDADE SOCIAL A CARGO DA EMPRESA)
1	Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección incluído no artigo 1.3 c) do estatuto dos traballadores	40.000 €
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	35.000 €
3	Xefes administrativos e de taller	28.000 €
4,5,6 e 7	Restos de categorías	23.000 €

Táboa IV

E imprescindible que a titulación/categoría profesional indicada no proxecto e o grupo de cotización polo que estea contratado sexan coherentes, en caso contrario tomarase como umbral máximo para o calculo o do grupo de cotización polo que estea realmente contratado o traballador.

#### **42. Poderán incluírse gastos de persoal directivo e xerencial no orzamento do proxecto?**

Tendo en conta que o programa está destinado a PEMES si serán subvencionables os custes de persoal directivo e xerencial, pero cunha *dedicación máxima ao proxecto do 70%*, xa que se entende que ademais do proxecto deben dedicarse a outro tipo de funcións na empresa. Ademais será imprescindible que se xustifique a dedicación deste tipo de persoal mediante a presentación dunha *memoria detallada sobre as funcións que desenvolve no proxecto*.

#### **43.-Serán subvencionables os custes de persoal dedicado á xestión do proxecto?**

*Non a excepción do representante da agrupación que si poderá incluílos dentro da partida de "outros custes de funcionamento".*

#### **44. E necesario que estean especificados cada un dos membros do equipo que participan no proxecto, así como a súa dedicación?**

Si, para que cando se xustifique cada anualidade poidan identificarse nominalmente os participantes así como a súa dedicación ao por proxecto. *No caso en que haxa variacións de persoal e / ou da súa porcentaxe de dedicación ao proxecto estas deben notificarse a Axencia Galega de Innovación para que as acepte ou non.* Como no resto de conceptos subvencionables cando se presente a xustificación de cada anualidade deberá especificarse as desviacións producidas respecto a solicitude e a súa xustificación.

#### **45.-Debe indicarse un responsable do proxecto dentro do persoal da empresa?**

Si, dentro das funcións asignadas a cada membro de equipo debe identificarse cal deles é o *responsable do proxecto na empresa*. Esta asignación tamén deberá realizarse no equipo investigador das entidades subcontratadas.

<sup>1</sup> Para unha dedicación do 100%, polo que para dedicacións inferiores estas cantidades deberán prorratearse

**46. ¿E necesario achegar o C.V. de cada un dos membros do equipo técnico?**

Si, en *formato é libre*, pero de xeito que permita poder valorar a súa adecuación ás necesidades do proxecto

**47. Poden imputarse custes de traballadores que teñan relación contractual coa PEME beneficiaria se están dados de alta nun centro de traballo da empresa situado fóra de Galicia?**

Non, *so poderán incluírse* no orzamento do proxecto traballadores que, segundo o seu TC2, estean dados de *alta nun centro de traballo da empresa beneficiaria situado en Galicia*.

**48.Serán subvencionables todos os conceptos incluídos na retribución bruta recibida polo traballador?**

Excluíranse como non subvencionables aqueles que *non respondan á natureza da actividade subvencionada e non sexan necesarios para o seu desenvolvemento*. Ex. unha comisión por vendas.

Dentro das limitacións anteriores como norma xeral consideraranse subvencionables unicamente as *percepcións salariais* (que coticen á Seguridade Social): salario base, complementos salariais, gratificacións extraordinarias etc.). As *percepcións non salariais*: indemnizacións, suplidos (axudas de custo, gastos de viaxe, complementos de transporte etc.). non se considerarán subvencionables.

Non se considerarán subvencionables os importes satisfeitos por indemnización ocasionados por rescisión do contrato nin as dietas incluídas en nómina xa que entre as partidas subvencionables non se inclúen os desprazamentos ou viaxes.

**49.- Poderán realizarse modificacións no cadro de persoal solicitado?**

Si, pero *calquera modificación no cadro de persoal* asignado ao proxecto deberá ser *solicitado, xustifico e aprobado pola Axencia Galega de Innovación previamente á súa realización*. En *ningún caso se admitirán cambios con data anterior á entrada en rexistro da solicitude* de modificación do cadro de persoal.

**50.-Que pasa se se produce unha baixa dentro dos membros do cadro de persoal do proxecto durante a súa execución?**

As posibles baixas dos membros do persoal deberán ser *substituídas*, pero *primeiro esta modificación deberá solicitarse e ser aceptada por parte da Axencia Galega de Innovación*. De non ser facerse así, *levarase a cabo unha redución no custo concedido* para eses traballadores proporcional ao período de baixa.

**-O custe de persoal directivo está sometido os mesmos umbrais máximos por grupo de cotización que se recollen no Anexo XI? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Si, este tipo de persoal *debe cumprir estes mesmos umbrais máximos*, ademais da limitación específica prevista para eles: *dedicación máxima ao proxecto do 70 %*



**CUSTES DE EQUIPAMENTO E MATERIAL INSTRUMENTAL****51. Poden incluírse custes de equipamento e material instrumental de equipos que xa estean na empresa antes de solicitar a axuda?**

Non, so poden imputarse ao proxecto os *custes de equipamento e material instrumental novo*, adquirido *trala data de entrega da solicitude ou de inicio do proxecto*, segundo cal delas sexa a primeira.

**52. Nos custes de equipamento e material instrumental é subvencionable o total de seu custe de adquisición?**

Non, so son subvencionables os *custes de amortización na medida e durante o período que se utilice o equipo*. Ex. se nos adquirimos un cromatógrafo o que a empresa asigna unha cuota de amortización anual de 6.000 euros<sup>2</sup> e o destina ao proxecto un 25% do seu tempo e o resto a actividade normal da empresa e é adquirido pola mesma o 01/02/2014 para usarse no proxecto desde esta data ata o 31/10/2014 (porque é cando é necesario segundo o plan de traballo do proxecto), deste equipo poderemos incluír no orzamento do proxecto:

[CUOTA AMORTIZACIÓN ANUAL (6.000€) /12 meses] X MESES UTILIZACIÓN (9 M) X % DEDICACIÓN AO PROXECTO (25%)= 1.125€
--

**53. Poderían incluírse os custes dun equipo para o que se obtivo tamén outra axuda?**

*Non é posible* que o equipamento e material inventariable que se inclúa no proxecto se cofinancie con outras axudas

**54.-Admitirase a adquisición de bens de equipo de segunda man?**

*Si sempre que cumbran as seguintes condicións:*

- Que conste unha declaración do vendedor sobre a orixe dos bens e sobre que para os mesmos non se recibiu ningunha subvención nacional ou comunitaria.
- O prezo non poderá ser superior ó valor de mercado e deberá ser inferior ó custe dos bens novos similares, acreditándose estes extremos mediante certificación de taxador independente.

**55. Cando deben presentarse as tres ofertas ao adquirir un equipo?**

No caso de adquisición de bens de equipo cun *custe superior aos 18.000 euros* será necesario presentar tres ofertas (artigo 27 desta convocatoria). A elección entre as ofertas, que deberán presentarse *no momento en que se decida a adquisición do equipamento e sempre con carácter previo á súa contratación*, realizarase de conformidade con *critérios de eficiencia e economía* e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na

<sup>2</sup> segundo boas prácticas contables.

proposta economicamente máis vantaxosa. As ofertas deberán ter *sinatura e selo orixinal* do provedor.

Para modificar o provedor seleccionado deberá pedirse previamente á súa contratación autorización a Axencia Galega de Innovación e xustificarse as razóns do cambio.

Estas tres ofertas non serán necesarias se polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren pero estas excepcións deberán xustificarse.

#### **56. As licenzas e renovacións de licenzas de software en que partida do orzamento do proxecto deberían contemplarse?**

As licenzas e renovacións de licenzas de software atópanse dentro da categoría de *material inventariable* e considéranse gastos subvencionables se son de uso específico para o proxecto e non de uso xeral.

#### **57.-Admítense os custes de leasing?**

Sí sempre e cando se cumpran os seguintes *requisitos*:

- Deberá existir un compromiso oficial por escrito de adquisición do activo ao remate do contrato de *leasing*.
- Soamente serán subvencionables os custos na medida e durante o período que se dediquen ao proxecto.
- As cotas de arrendamento deberán comezar posteriormente á data da presentación da solicitude da subvención, só podendo imputarse as cotas pagadas dentro do período de xustificación de cada anualidade-

#### **-Que debe indicarse no campo “categoría” do formulario de solicitude que se contempla no custe: “Equipamento e material instrumental”? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Deberá escollerse entre as seguintes opcións: *licenza software, leasing, equipamento ou outros*.

#### **- Consideraríase subvencionable o renting dun equipo? (DATA DE ACTUALIZACIÓN: 01/10/2013)**

Non, so o leasing é financiable ao abeiro deste programa e sempre que ademais se cumpran o resto de requisitos esixidos:

- deberá existir un compromiso oficial por escrito de adquisición do activo ao remate do contrato de *leasing*.
- soamente serán subvencionables os custos na medida e durante o período que se dediquen ao proxecto.
- as cotas deberán comezar posteriormente a data da presentación da solicitude da subvención, so podendo imputarse as cotas pagadas dentro do período de xustificación de cada anualidade.

## **CUSTES DE INVESTIGACIÓN CONTRACTUAL**

### **58.-Existe un tope máximo que pode subcontratarse a organismos de investigación?**

Sí, o 25% do orzamento financiable do proxecto

### **58 bis.-Dentro da desagregación dos custes da subcontratación pode incluírse a subcontratación da entidade subcontratada a outra entidade?**

Non, a subcontratación poderá incluír so os seguintes conceptos:

- *Persoal propio e de nova contratación* (que contrate a entidade para a realización do proxecto con carácter exclusivo para el).
- *Custes de equipamento e material instrumental de nova adquisición*, na medida e durante o período en que se utilice para o proxecto. Se non se utiliza exclusivamente para o proxecto de I+D, so serán subvencionables os custes de amortización que correspondan á duración do proxecto calculados sobre a base das boas prácticas contables.
- *Custes de consultaría e servizos equivalentes* destinados de maneira exclusiva á actividade de investigación, así como *custes de coñecementos técnicos e adquisición de patentes que non sexan subcontratacións*.
- *Custes de materiais, subministracións e produtos similares* que se deriven directamente da actividade de investigación.

Cada un destes conceptos deberá respectar os mesmos requisitos que se lle esixen as entidades da agrupación.

### **59.-Pode unha empresa da agrupación subcontratar a outra entidade integrante da mesma agrupación?**

Non, unha empresa integrante dunha agrupación non poderá ser, ao tempo, subcontratada por outra empresa integrante da mesma agrupación.

### **60.-Existe algún tope máximo para a subcontratación?**

Si, a *cantidade total subcontratada por todas as empresas* da agrupación non poderá superar o 50% do orzamento total subvencionable do proxecto.

Existen ademais outros topes respecto a *subcontratación dos organismos de investigación*, esta debe supoñer un mínimo do 15% do importe total subvencionable do proxecto e un máximo do 25 %.

A distribución entre as distintas empresas da agrupación é libre, podendo cada empresa subcontratar cos organismos de investigación a porcentaxe que decida.

**61.-Deben xustificarse e detallarse de forma pormenorizada todas as subcontratacións sexan de organismos de investigación ou doutras empresas?**

Sí, a subcontratación supón unha execución parcial do proxecto e como tal para poder ser valorada e aceptada debe estar suficientemente desglosada e xustificada de xeito que se poida valorar se a entidade subcontratada está aportando os recursos axeitados.

**62. Sempre é necesario no caso da subcontratación de organismos de investigación subscribir un contrato?**

Sí, independentemente da cantidade subcontratada e debe ser autorizada previamente pola Axencia Galega de Innovación, entendéndose aprobada cando o beneficiario reciba a resolución de concesión se nela non se determine nada en contra.

Ademais no contrato debe recollese, como mínimo, os seguintes aspectos: *obxectivos do contrato, data inicio e duración total, orzamento total e desagregación por anualidades, así como o acordo sobre a propiedade dos resultados*. O contrato deberá tamén contar cun *anexo onde se recolla a descrición das actividades a realizar polo organismo de investigación, identificando os investigadores principais e a desagregación do orzamento nos distintos conceptos subvencionables (persoal, custes de equipamento e material instrumental, etc.)* indicando a porcentaxe de dedicación do persoal investigador.

**63. Sempre é necesario tamén no caso da subcontratación dunha pequena empresa subscribir un contrato?**

Sí, independentemente da cantidade subcontratada *cando na agrupación non exista ningunha pequena empresa* e polo tanto esta deba ser subcontratada por algún o algúns membros da agrupación. Neste contrato deben detallarse as tarefas a desenvolver dentro do proxecto pola pequena empresa as cales *deben ser de I+D* e debe aportarse asinado coa solicitude ou no período de emenda.

**64. No resto de subcontratacións cando debe subscribirse un contrato?**

Cando a *actividade subcontratada por un membro da agrupación exceda do 20% do importe da axuda, é dicir, da subvención concedida a ese socio e dito importe sexa superior a 60.000 euros*, a empresa deberá subscribir un contrato coa entidade subcontratada e ademais a subcontratación debe ser autorizada previamente pola Axencia Galega de Innovación, logo da solicitude por parte do beneficiario, entendéndose esta aprobada cando o beneficiario reciba a resolución de concesión se nela non se determine nada en contra.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no parágrafo anterior.

**65. Ademais de non poder subcontratar a unha entidade que forma parte da agrupación existe algunha outra limitación?**

Si, en ningún caso o beneficiario poderá subcontratar con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das *prohibicións que se recollen no artigo 10 da Lei 9/2007*.
- b) Persoas ou entidades que *percibisen outras subvencións* para a realización da actividade obxecto da contratación.
- c) *Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.*
- d) *Persoas ou entidades solicitantes de axuda na mesma convocatoria e programa que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.*
- e) Persoas ou entidades nas que concorran algunhas das circunstancias detalladas no *artigo 43.2 do Decreto 11/2009*, sen prexuízo da excepción regulada no artigo 11 desta Resolución en relación coas empresas vinculadas, segundo o cal excepcionalmente *a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar a subcontratación de empresas vinculadas* a unha entidade beneficiaria, cando sexa *imprescindible* para a execución do proxecto, se realice de acordo coas *condicións normais do mercado* e sempre que se produza unha *imposibilidade material* para que a entidade a subcontratar poida ser *membro da agrupación*.

**66. Nos contratos podería incluírse unha cláusula que modifique o seu orzamento en función da axuda aprobada?**

Non, o *que si podería incluírse sería unha cláusula a través da cal se condicionase a vixencia do contrato á aprobación da axuda*, pero sen modificar a dimensión nin as características das actividades a subcontratar que se indicasen na solicitude.

**67.-Cando se solicitan os contratos cos organismos de investigación definitivos asinados?**

Deben de entregarse asinados na propia solicitude e senón serán requiridos no trámite de emenda de erros.

**68. Son admisibles contratos con organismos de investigación non especificamente formalizados para a convocatoria ao estar asinados con anterioridade?**

Non, debe asinarse un contrato específico para o proxecto solicitado

**69. Cal é a diferenza entre custes de subcontratación e custes de consultaría, asistencia técnica e servizos equivalentes?**

A subcontratación supón unha execución parcial do proxecto e os custes de consultaría e asistencia técnica son para actividades que se presten de forma puntual para que o proxecto poida ser desenvolvido, tales como: análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación ou estudos e actividades complementarias.

**70.-Son subvencionables os custes de solicitude dunha patente derivada da execución do proxecto subvencionado?**

Non, para estes custes existe outra axuda específica da Axencia Galega de Innovación, de xeito que nos proxectos do programa CONECTA PEMES *so poderán incluírse os custes de adquisición de patentes*, adquiridas ou obtidas por licenza de fontes externas, *necesarios para a realización do proxecto* e sempre que esta operación se realice a prezos de mercado, en condicións de plena competencia e sen elemento algún de colusión.

**- So poderán subcontratarse organismos de investigación e empresas? (DATA DE ACTUALIZACIÓN: 01/10/2013)**

Sí, segundo o artigo 9 no que se desagregan os distintos custes subvencionables, concretamente no seu punto c) so se contemplan estes dous tipos de entidades

**OUTROS CUSTES DE FUNCIONAMENTO QUE SE DERIVEN DIRECTAMENTE DA ACTIVIDADE DE INVESTIGACIÓN****71. Serían subvencionables os materiais de oficina e os consumibles informáticos?**

Non

**72. Os custes de xestión son subvencionables para todos os membros da agrupación?**

Non, *so para o representante* da agrupación.

**73. Que se entende por custes de xestión?**

Os custes derivados da *coordinación da agrupación, elaboración de informes das actividades de investigación, así como as xustificacións e a labor de interlocución* coa Axencia Galega de Innovación.

Estes custes poderán imputarse polo representante *a través de custes de persoal propio* encargado destas tarefas, así como a través dos custes de *contratación de asesorías externas* cando a xestión administrativa do proxecto se externalice.

**74. No caso en que a xestión do proxecto se externalice a interlocución coa Axencia Galega de Innovación tamén mudaríase?**

Aínda que a xestión do proxecto se externalice a responsabilidade e a *interlocución da agrupación coa Axencia Galega de Innovación sempre lle corresponderá á empresa representante da agrupación sen que poida delegarse*. So se poderán externalizar tarefas administrativas sen que isto interfira na responsabilidade e interlocución do representante da agrupación.

**75. Pode contratarse a xestión a un Organismo de Investigación?**

Si, *sempre que esta cantidade non se conte para o mínimo do 15%* do orzamento do proxecto que debe subcontratarse a organismos de investigación. Por este motivo é necesario que nestes casos se *indique claramente a separación* entre ambas actividades nas que participa o organismo de investigación no proxecto.

**76. Pódese incluírse na solicitude unha subcontratación sen identificar a entidade que fará os traballos?**

Non, porque *é necesaria para valorar o proxecto*. Se non se identifica non pode avaliarse a capacidade e idoneidade da entidade subcontratada

**77. Poden realizarse cambios nas entidades a subcontratar que se inclúen na solicitude?**

Si, pero ditos cambios *deben solicitarse e ser aprobados previamente* pola Axencia Galega de Innovación.

**78. Cando deben solicitarse tres ofertas?**

Cando o importe do gasto subvencionable no caso de *adquisición de bens de equipo e contratación de servizos ou subministracións iguale ou supere os 18.000 euros*, deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse no momento en que se decida a adquisición do equipamento e sempre con carácter previo á súa contratación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa. As ofertas deberán ter sinatura e selo orixinal do provedor.

Para modificar o provedor seleccionado deberá pedirse previamente á súa contratación autorización a Axencia Galega de Innovación e xustificarse as razóns do cambio.

**79.-Son subvencionables cos custes xerais?**

Non

**80.-Son subvencionables os custes de viaxes ou desprazamentos?**

Non

**81.-Son subvencionables os custes de difusión (feiras, seminarios, etc)?**

Non

**-Sería subvencionable o custe dun informe de auditoría do proxecto? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

*Non* , esta partida non se contempla como subvencionable no programa CONECTA PEMES

**-Poden os custes de xestión contratarse a unha empresa que realice a súa actividade fóra de Galicia? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Os custes de contratación da xestión do proxecto non están sometidos a ningunha limitación deste tipo ( a diferenza das subcontratacións a organismos de investigación) polo que poderían contratarse a entidades de fóra de Galicia

**- Nos custes de xestión do representante da agrupación, ¿pode solicitarse unha parte como custes do seu persoal propio e outra como custe dunha asesoría externa que se contrate? (DATA ACTUALIZACIÓN: 17/09/2013)**

Aínda que o recomendable é que se elixa sempre unhas destas dúas posibilidades (custes de persoal propio ou dunha asesoría externa que se contrate), de ser necesario e sempre de xeito xustificado, o representante dunha agrupación poderá solicitar conxuntamente os custes de xestión do proxecto combinando ambas posibilidades.



## SOLICITUDE

### 82.-Cantas solicitudes se entregarán por proxecto?

Entregarase *unha única solicitude por proxecto que deberá ser presentada pola empresa representante de cada agrupación* e na que estará integrada a información de todos os socios da agrupación. Cada un dos membros da agrupación debe aportar, debidamente asinada, unha declaración de conformidade de participación no proxecto e de autorización a favor do representante da agrupación (o seu modelo publícase como anexo IV)

### 83.-Cal será a forma de entrega da solicitude?

A presentación das solicitudes realizarase *unicamente por medios electrónicos* a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia:

<https://sede.xunta.es>

Para a presentación das solicitudes será necesario o *Documento Nacional de Identidade electrónico* ou *calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia*, que deberá corresponder ao *representante legal ou apoderado da empresa representante* da agrupación solicitante da axuda.

### 84.-Cal é o prazo de presentación das solicitudes?

**Ata o 7 e outubro de 2013**, un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

### 85.-Cal debe ser o contido da solicitude?

Ademais dos *formularios normalizados* dispoñibles na sede electrónica será necesario achegar á aplicación:

- a *memoria do proxecto en formato PDF* (máximo 3MB) e
- o *resto de documentación necesaria* de cada unha das entidades da agrupación, tamén en formato PDF

### 86.-Cómo debe achegarse a documentación á aplicación?

De conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, os interesados *deberán achegar copias dixitalizadas dos documentos*, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude da fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. Para achegar os documentos en formato electrónico o solicitante deberá previamente dixitalizar os orixinais obtendo *arquivos en formato PDF*.

**87.-Que documentación debe achegarse coa solicitude?**

Debe achegarse un exemplar da documentación indicada no *artigo 12.4 da convocatoria do Programa Conecta PEMES*. Parte desta documentación é *específica para cada empresa e outra relativa ao proxecto é común para todos os membros do proxecto* (ex. memoria do proxecto ou acordo da agrupación (ver ademais Anexo VII.-DOCUMENTACIÓN QUE O SOLICITANTE PRESENTA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN))

Todos aqueles documentos que deban ser asinados polos distintos membros da agrupación diferentes ao seu representante que é quen entrega a solicitude coa súa sinatura dixital deben ser cubertos e asinados e logo ser escaneados e subidos a aplicación como arquivos PDF

**88.-Pode non autorizarse a consulta de estar o corrente coas Seguridade Social, AEAT e Consellería de Facenda?**

O feito de presentar a solicitude implica a autorización á Axencia Galega de innovación para solicitar as certificacións destas consultas que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, cada membro da agrupación poderá denegar expresamente este consentimento a través dunha declaración do seu representante legal (para a cal non hai un modelo predefinido nesta convocatoria), debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

**89.-No caso de non autorizarse a consulta para a comprobación da veracidade dos datos de identidade achegados, que documentación deberá presentarse?**

Para cada unhas das empresas da agrupación incluído o representante:

- DNI da persoa ou persoas que asinan a solicitude (no caso de poder mancomunado). Os estranxeiros residentes presentarán o NIE.
- Copia do NIF en vigor da entidade

**90.-No caso de non autorizarse a consulta a Axencia Galega de Innovación para poder verificar a capacidade de representación en vigor no Rexistro Mercantil, que debe achegarse?**

Para cada unhas das empresas da agrupación incluído o representante:

-escritura pública bastanteadada por Letrado da Xunta de Galicia<sup>3</sup>, que tamén deberá entregarse no caso de apoderados distintos a: *administración única, administración solidaria ou mancomunada, ou conselleiro delegado* para os cales non poderá acreditarse a súa representación por esta vía dadas as características técnicas da consulta ao Rexistro Mercantil.

---

<sup>3</sup> escritura verificada na súa suficiencia por letrado da Xunta de Galicia

**91.-No caso de poder mancomunado, que debe entregarse?**

Unha autorización e unha fotocopia do DNI das persoas que autorizan.

Non existe na convocatoria un modelo para esta autorización, pero para outros procedementos da Axencia Galega de Innovación contéplase algún modelo dispoñible na web da Axencia e que poderá utilizarse con pequenas modificacións para adaptalo o programa CONECTA PEMES.

**92.-É necesario achegar á aplicación as contas anuais da empresa?**

Non, pero a Axencia Galega de innovación poderá acceder a ela e o resto de documentación económica da empresa en calquera momento para cotexar a información declarada.

**93.-A memoria do proxecto ten algún tipo de formulario normalizado?**

Non, pero no anexo X publicase o seu índice recomendado

**94.-Que é a sede electrónica?**

A sede electrónica da Xunta de Galicia, accesible a través da dirección electrónica <https://sede.xunta.es>, é o medio a través do cal vostede pode exercer o seu dereito de acceso á información e aos servizos electrónicos que o goberno galego pon á súa disposición nela, entre eles a iniciación de trámites, a consulta do estado de expedientes ou a comprobación do Código de Verificación Electrónica dos documentos (CVE). Así mesmo, ofrece tamén información relacionada co seu funcionamento e outras utilidades que permiten facer unha mellor utilización do que ofrece (descargas, consultas, suxestións e queixas...).

Esta sede crease e regúlase polo *Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes* e cumpre tamén con todo o disposto na *Ley 11/2007, del 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los Servicios Públicos*, que recoñece o dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos, obrigando a estas a garantir este dereito.

**95. É seguro empregar os servizos desta sede?**

A comunicación entre o/a cidadán e esta sede prodúcese en condicións totalmente seguras e fiables. Para isto, entre outras accións, emprégase un protocolo seguro de comunicacións (https) co que se logran conexións máis seguras na rede.

A sede, ademais, utiliza un [Certificado de Sede](#), un dispositivo que permite garantir a identidade da Xunta de Galicia. Para realizar trámites e comprobar o estado dos seus expedientes, vostede debe dispoñer dun certificado electrónico, o medio máis seguro para identificarse nas operacións que se realizan a través da rede e que garante en todo momento a identidade das dúas partes implicadas. Tamén convén lembrar que os documentos desta sede se asinan electronicamente, o que implica o uso dun sistema que permite verificar a identidade dunha persona, de xeito que se pode comprobar a integridade e procedencia destes documentos.

**Teñen a mesma validez legal as xestións realizadas nesta sede que as que se realizan a través do Rexistro Xeral da Xunta?**

Exactamente a mesma. O rexistro electrónico da Xunta de Galicia, que se creou polo *Decreto 164/2005, do 16 de xuño*, permite a presentación, vía electrónica, de solicitudes, escritos e comunicación e a súa validez será a mesma que a de aqueles que se presenten a través do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.

**96. Cal é o horario do rexistro electrónico da Xunta?**

O Decreto 164/2005, polo que se crea o rexistro electrónico da Xunta de Galicia sinala, na súa disposición adicional segunda, que este estará en funcionamento durante as 24 horas do día, todos os días do ano. A este respecto recolle tamén que a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións a través del, a súa recepción, así como as remisións de escritos e comunicacións, rexerese, para os efectos de cómputo dos prazos fixados en días inhábiles, polos seguintes criterios:

1. Serán considerados días inhábiles só os así declarados para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia no calendario laboral de días inhábiles.
2. A recepción de solicitudes, escritos e comunicacións efectuadas nun día inhábil para o rexistro electrónico entenderase efectuada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Para estes efectos, no asento da entrada inscribíranse como data e hora de presentación aquelas nas que se produciu efectivamente a recepción; constando como data e hora de entrada as cero horas e un minuto do primeiro día hábil seguinte.
3. O rexistro electrónico non realizará nin anotará saídas de escritos e comunicacións en días inhábiles.

**97. Que é un certificado electrónico?**

O certificado electrónico permite identificar electronicamente a unha persoa para que esta poida asinar documentos. O seu uso é fundamental nesta sede, xa que permite asinar electronicamente a información que se envía, asegurando a súa integridade e procedencia.

Trátase, en definitiva, dun documento asinado electronicamente por unha entidade prestadora de servizos de certificación, que é a responsable de vincular a identidade do/a asinante cun conxunto de datos e, polo tanto, a de avalar a conexión entre o certificado e a persoa, física ou xurídica, que o posúe.

**98. Que certificados admite a Xunta de Galicia nesta sede electrónica?**

Nestes momentos a sede electrónica da Xunta de Galicia admite o uso dos seguintes sistemas de sinatura electrónica:

1. [DNI electrónico \(DNIE\)](#)
2. [Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#): de persoa física, xurídica e Administracións públicas
3. [AC Camerfirma](#): AC Camerfirma RACER e AC Camerfirma Certificados Camerais

No caso de que use un navegador Internet Explorer (IE) non funcionaría a presentación electrónica de procedementos se o usuario importou máis dun certificado. Por exemplo, non

sería posible que se realizase a presentación con IE se hai instalados dous certificados da FNMT, un da FNMT e outro de DNle.

#### 99. Como podo obter un certificado electrónico?

O procedemento habitual consiste en realizar a solicitude do certificado a través da web da autoridade de certificación correspondente. Posteriormente o/a solicitante debe acreditar a súa identidade en algunha das oficinas habilitadas pola certificadora, onde obterá o código de solicitude que lle permitira abordar o último paso, a descarga do certificado vía internet. Nestas ligazóns facilítase a información necesaria para a obtención dos certificados electrónicos de cada unha das entidades recoñecidas por esta sede.

1. [DNI electrónico \(DNle\)](#)
2. [Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#)

#### 100. Por que necesito coñecer a data, hora e calendario oficiais?

Para calquera procedemento que vostede inicie nesta sede, a [data e hora oficiais](#) que debe ter en conta á hora de realizar un trámite non serán as do equipo desde o cal o efectúa, senón as do rexistro electrónico que utiliza a sede da Xunta, é dicir, a data e hora desta sede electrónica (que se sincronizan coas do Real Instituto e Observatorio da Armada – ROA-). Do mesmo xeito, para o relativo ao cómputo de prazos será necesario coñecer cales son [os días inhábiles](#) da Comunidade autónoma de Galicia.

O *Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes*, sinala que a **sede electrónica da Xunta se rexerá pola data e hora oficiais da Comunidade autónoma de Galicia** e que, á súa vez, o Rexistro electrónico o fará, para todos os efectos, pola data e hora oficiais da sede electrónica.

Asemade, o artigo 26.1 da *Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos* sinala que os rexistros electrónicos se rexerán, a efectos de cómputo dos prazos imputables, tanto aos interesados como ás Administracións públicas pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que deberá contar coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

#### **-Como se accederá á aplicación? Poderán utilizarse claves de acceso? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Non, so se pode acceder á aplicación co *certificado dixital do representante legal da entidade representante da agrupación* encargada da entrega da solicitude. Non se poderá acceder de ningún outro xeito, nin existirá clave algunha de acceso que se poida compartir.

#### **-Quen debe cubrir a solicitude? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

A solicitude na súa totalidade deberá ser *coverta polo representante da agrupación* que coordinará o proceso de solicitude. Deberá solicitar os datos das diferentes entidades da agrupación, así como a documentación específica de cada unha delas, debidamente asinada e selada nos casos en que así sexa necesario, e que ten subirse á aplicación en formato pdf para achegala á solicitude (DOCUMENTACIÓN ASOCIADA)

**-Debe tamén o representante da agrupación presentar asinada e escaneada a Documentación Asociada? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Si, como o resto de empresas que forman a agrupación *deberá asinar esta documentación e escaneala para subila en formato pdf. Só o Anexo I de solicitude se entrega directamente coa súa sinatura electrónica* sen necesidade de nada máis.

**-Cal é o funcionamento básico da aplicación? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Unha vez iniciada unha solicitude o representante poderá gardala como borrador na súa *carpeta do cidadán* sempre e cando se cubra a información mínima (Razón e NIF da entidade representante) e continuar noutro momento con ela mentres estea aberto o prazo de solicitude: ata as 23:59 do 7 de outubro de 2013.

**-Pode accederse aos formularios para coñecer a información que se vai necesitar pero sen dar de alta unha solicitude? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Si, aínda que so se permite a presentación telemática da solicitude, premendo en "*Modelo de Solicitude*" pode accederse a un borrador dos formularios que deben cubrirse na sede electrónica.

**-A memoria do proxecto que debe achegarse na solicitude pode facerse en calquera das linguais oficiais da Comunidade Autónoma Galega? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Si, pode entregarse tanto en galego como en castelán.

**-Que documentación debe achegar á solicitude para acreditar a titulación académica da cada un dos membros do equipo? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Por calquera medio que permita verificar a súa titulación académica por exemplo o titulo expedido en formato pdf.

**-Poden incluírse máis de tres actividades no Plan de Traballo do proxecto ou están limitadas a tres tal e como aparece no formulario ? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

*Non hai unha limitación máxima para o número de actividades do Plan de Traballo* pero recoméndase que o seu número non sexa moi elevado porque podería dificultar o seguimento do proxecto (non se recomenda un número maior a seis)

*A aplicación non permite introducir máis de tres actividades polo que de contemplarse no plan de traballo un número maior deberá poñerse unha nota/referencia no formulario e incluír as táboas restantes na memoria que se achega á solicitude*

**-Poden engadirse filas ás distintas táboas do Anexo I do formulario? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

*Non, a aplicación non o permite* polo que sempre que sexa necesario deberá indicarse unha nota/referencia no formulario (na última fila da táboa en cuestión) e incluír a táboa completa (coas mesmas filas e columnas contempladas no formulario) na memoria que se achega á solicitude.

Sempre deberá terse en conta nestas inclusións as limitacións contempladas na propia convocatoria Ex. o número máximo de membros dunha agrupación son 6, polo que á táboa de membros da agrupación non debería engadírselle ningunha fila máis.

**-Que debe indicarse no campo “tipo de entidade” na táboa dedicada a organismos de investigación subcontratados do Anexo I-Participantes? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Debería escollerse unha das seguintes opcións: *CENTRO TECNOLÓXICO / UNIVERSIDADE / CENTRO PÚBLICO DE INVESTIGACIÓN / CENTRO PRIVADO DE INVESTIGACIÓN / FUNDACIÓN SANITARIA/ CENTROS SINGULARES DE ESTATUTO INTERNACIONAL/ OUTRO*

**-Existe un modelo de aval ou un modelo de acordo da agrupación? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Os únicos *modelos do programa CONECTA PEMES* son os incluídos como anexos na convocatoria, pero deben cumprirse en todo momento os *requisitos* contemplados na mesma para cada un dos documentos (ex. artigo 5.6 referente o contido mínimo do acordo da agrupación)

**-Existe un modelo para a declaración relativa á cifra global de negocio nos últimos tres exercicios? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Non, tal e como se indicaba na pregunta anterior os únicos *modelos do programa CONECTA PEMES* son os incluídos como anexos na convocatoria.

**-É necesario entregar documentación que xa estea en poder da Administración? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Segundo o disposto no artigo 35.f) da lei 30/1992 e no artigo 20.3 da lei 9/2007 así como no artigo 4.1s) da convocatoria, non será necesaria a entrega da documentación que estea xa en poder da administración actuante, sempre que se manteña vixente , non transcorresen máis de cinco anos dende a finalización do procedemento a que corresponda e se identifique: data e o órgano en que foi presentada. Nestes casos será necesario *achegar á solicitude en formato pdf unha declaración asinada polo representante legal da entidade en cuestión na que se identifique: data e órgano onde foi presentada dita documentación e código de procedemento*

**-E imprescindible desglosar o custe da subcontratación? (DATA INCORPORACIÓN: 11/09/2013)**

Si, o custe de subcontratación *deberá indicarse no anexo do contrato de subcontratación de forma xustificada e desglosada nos conceptos subvencionables previstos na convocatoria:*

- *persoal propio e de nova contratación*
- *custos de equipamento e material instrumental de nova adquisición (na medida e durante o período en que se utilice para o proxecto)*
- *custos de consultoría e servizos equivalentes*
- *custos de materiais, subministracións e produtos similares*

(non se admiten subcontratacións)

**- Que debe engadirse na columna de TOTAL da táboa D. PRINCIPALIS PRODUTOS OU LIÑAS DE PRODUTOS DO ÚLTIMO EXERCICIO do Anexo VIII? (DATA ACTUALIZACIÓN: 17/09/2013)**

A cantidade total en termos absolutos (€) que supón cada produto ou liña

**- Onde podo acceder o formulario de solicitude? (DATA DE ACTUALIZACIÓN: 01/10/2013)**

Inicialmente estaba dispoñible na sede electrónica da Xunta pero agora so pode accederse a él como anexos que acompañan á publicación da convocatoria no DOG

**- E o mesmo documentación asociada que anexos asociados? (DATA DE ACTUALIZACIÓN: 01/10/2013)**

Si, consisten nos distintos anexos publicados no DOG que deben acompañar á solicitude accesibles na sede electrónica da Xunta



## EVALUACION E CONCESIÓN

### 101. Cal e prazo para emendar a solicitude presentada?

De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria ou nas bases reguladoras, requiriráselle ao interesado para que, nun prazo de *dez días hábiles*, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Este requirimento remitirase exclusivamente ao *representante da agrupación* que canaliza a relación de todos os participantes coa Axencia Galega de Innovación. De non realizarse esta emenda, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

### 102. Poderá emendarse a falta de presentación ou a presentación fóra de prazo da solicitude de axuda?

Non

### 103. Poderá emendarse a falta de presentación ou a presentación fóra de prazo da memoria do proxecto?

Non

### 104. Cal será o prazo de duración do procedemento?

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nesta convocatoria, que non poderá ter unha duración superior a *cinco meses*.

### 105.-Cal é procedemento de concesión de estas axudas?

Réxime de *concorrenza competitiva*

### 106.-Cales son os criterios de valoración das solicitudes?

Os establecidos *no artigo 19* da convocatoria

### 107. Se tras a avaliación do proxecto se axustase o seu orzamento e este finalmente resultase inferior os 600.000 euros que sucedería?

Os *límites establecidos na convocatoria deben respectarse sobre o orzamento elixible final* e polo tanto non se financiaría.

O mesmo sucedería se tras a avaliación o custe total subcontratado aos organismos de investigación se situase por debaixo do 15% do orzamento do proxecto.

**108. Se tras a avaliación do proxecto o orzamento dunhas das empresas resultase inferior os 75.000 euros que sucedería?**

Ao non cumprir o límite establecido na convocatoria esa empresa non podería ser beneficiaria da axuda e *a Axencia Galega de innovación debería estudar a posibilidade de que o proxecto puidese realizarse sen ela ou non*. No caso en que a baixa desta entidade na agrupación ocasionase que o proxecto deixase de cumprir algunhas das condicións mínimas esixidas nas convocatorias (% subcontratado a organismos de investigación, orzamento total do proxecto, etc) a solicitude do proxecto na súa totalidade sería desestimada.

No caso en que esta empresa fose o *representante da agrupación*, a solicitude do proxecto na súa totalidade sería desestimada

**109. Durante el proceso de avaliación pode incorporarse un novo socio a agrupación?**

Non, unha vez pechado o prazo para a presentación de solicitudes, *a incorporación dunha nova empresa non pode ser considerada como un error emendable* ou como unha achega incompleta de documentación. A admisión deste cambio non sería compatible co réxime de concorrencia competitiva a través do cal se xestiona este programa de axudas.

**110. Debe aceptarse a axuda por cada un dos membros da agrupación?**

*Si, cada membro debe aceptar a axuda, debendo canalizarse a entrega de todas as aceptacións dos socios dun mesmo proxecto a través do representante da agrupación e realizarse conxuntamente.*

*Pero, de todos os xeitos, se transcorresen 10 días sen ter recibido dita aceptación no órgano xestor, entenderase igualmente que a entidade acepta a subvención.*

*Non obstante*, no caso de que a entidade fixese constar na solicitude de subvención que solicita a modalidade de *pagamento anticipado*, *si será obrigatorio* que no prazo máximo de dez días dende a publicación da resolución na páxina web da Axencia Galega de Innovación se presente a seguinte documentación que se indica a continuación, noutro caso enténdese que se renuncia ao anticipo:

- a) Aceptación da subvención utilizando o modelo que tamén se inclúe como Anexo IX
- b) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas para os mesmos custes aínda que a súa finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas, utilizando o modelo que se inclúe como Anexo III

Ademais, de ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución de concesión desas outras axudas.

## XUSTIFICACIÓN:

### 111.-Cómo debe realizarse a entrega da xustificación?

De forma *única e centralizada a través do representante da agrupación*. A xustificación non poderá facerse por medios electrónicos, *só en formato papel*, debendo utilizarse os formularios normalizados dispoñibles na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.es>).

### 112.-Se unha vez resolta a axuda unha das entidades da agrupación quere deixar o proxecto ou non pode continuar con el, podería solicitarse unha modificación (ex. unha redistribución de tarefas entre os socios restantes)?

Como toda modificación da resolución de concesión, esta *debería solicitarse* en canto se teña coñecemento da mesma e *aprobarse previamente pola Axencia Galega de Innovación*. Como calquera outra modificación debería cumprir as condicións establecidas no artigo 24 da convocatoria.

### 113. Poden realizarse cambios no orzamento aprobado durante a execución do proxecto?

*Sí, sempre que se solicite e se cumpran as condicións do artigo 24*. Ademais na xustificación deberán especificarse as desviacións producidas respecto a solicitude e a súa xustificación.

### 114. Cal e o prazo máximo para poder solicitar calquera modificacións ?

As modificacións deben solicitarse *no momento en que se teña coñecemento da mesma e sempre antes dun mes da finalización do prazo de xustificación da anualidade a que lle afecte*.

### 115. ¿Pode solicitarse algún tipo de prórroga?

*Si, pero como toda modificación esta deberá ser valorada por parte da Axencia Galega de Innovación para a súa autorización ou denegación*. De todos os xeitos, a *duración máxima* dos proxectos nunca poderá exceder o *30 de xuño de 2015*

### 116. Poden modificarse os prazos de execución soamente para algún/s dos membros da agrupación ou a modificación de prazos afectaría a todos?

Se se solicita unha modificación de prazos, esta afectaría por igual a todos os membros da agrupación

### 117. Cal son os prazos da presentación da xustificación en cada anualidade?

Prazos de presentación da documentación:

Primeira anualidade: 2013	31 de decembro de 2013
Segunda anualidade: 2014	31 de decembro de 2014
Terceira anualidade:2015	30 de xuño de 2015

**118. Dentro de que prazos poden realizarse os gastos financiados en cada anualidade? (períodos de emisión das facturas (realización de gastos) e realización de pagamentos)**

Primeira anualidade	Desde a data de presentación da solicitude ata o 31 de decembro de 2013
Segunda anualidade	Desde o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2014
Terceira anualidade	Desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 30 de xuño de 2015

**119. Cal é a documentación que debe entregarse na xustificación?**

A documentación será *de tipo económico e técnico* e establécese no *artigo 27.3* da convocatoria.

Ademais desta documentación a Axencia Galega de Innovación poderá requirir cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación do procedemento.

**120. Poden facerse compensación entre partidas? E compensacións entre os orzamentos dos diferentes socios da agrupación?**

*Non, non se poderán compensar nin partidas, nin tampouco se poderán facer compensacións entre os socios sen autorización.* Se se produce algún cambio no orzamento do proxecto concedido ou se algunha/s actividade/es do mesmo vainas realizar algún outro membro da agrupación, isto deberá solicitarse e aprobarse pola Axencia Galega de Innovación

**121. Pode producir algunha variación na dedicación dun dos membros do equipo?**

Sí, pero como toda modificación deberá solicitarse de forma xustificada e cumprir os requisitos necesarios para ser aprobada

**122. En que artigo se inclúen as obrigas dos socios?**

No artigo 26 da convocatoria

**123. Contéplase a posibilidade de anticipos?**

Segundo o *artigo 28 da convocatoria* poderán realizarse pagamentos anticipados e esta será unha *elección de cada unha das empresas da agrupación*

Os pagamentos anticipados *estarán condicionados á presentación dos resgardos de constitución das respectivas garantías*, por cada un dos socios polas cantidades anticipadas, (que se indican no artigo 29) así como ao cumprimento do resto de requisitos recollidos para tal fin para os beneficiarios na Lei 9/2007.

En todo caso, *a suma dos importes anticipados durante todo o proxecto non poderá superar no seu conxunto o importe do 50% da subvención concedida á empresa:*

- *Primeira anualidade:* poderá anticiparse ata o 50% do importe da subvención concedida para esa anualidade no momento da resolución de concesión, unha vez presentada a súa aceptación e sempre que se aporte o resgardo de constitución da garantía correspondente ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia pola cantidade anticipada.

- *Segunda anualidade:* poderá anticiparse ata o 50% do importe da subvención concedida para esta anualidade sempre que non chegue a superarse, xunto co xa anticipado, o 50% da axuda total concedida, sendo ademais necesaria a presentación e comprobación da correcta xustificación da execución correspondente á anualidade do ano anterior e o resgardo de constitución da garantía correspondente a esta nova cantidade anticipada. No caso de que a xustificación da anualidade anterior fose insuficiente e dese lugar a unha minoración da subvención, o importe minorado detraerase do importe desta anualidade. No caso de que o importe aprobado para esta anualidade resultase insuficiente para cubrir esta diferenza, requirirase a entidade beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos non utilizados. A falta de devolución destes nos prazos establecidos dará lugar á incoación dun expediente de reintegro, nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009. De ser o caso, procederá o reintegro das cantidades recibidas indebidamente.

- *Derradeira anualidade:* non se realizarán anticipos e aboarase unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución do proxecto. No caso de que a xustificación da anualidade anterior fose insuficiente e dese lugar a unha minoración da subvención, o importe minorado detraerase do importe desta anualidade. No caso de que o importe aprobado para a última anualidade resultase insuficiente para cubrir esta diferenza, requirirase a entidade beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos non utilizados. A falta de devolución destes nos prazos requiridos dará lugar a incoación de expediente de reintegro nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009.

#### **124. Cando se efectuarán os pagamentos non anticipados?**

Os pagamentos non anticipados faranse efectivos, para cada anualidade, unha vez presentada e *comprobada a correcta xustificación da execución do proxecto sen necesidade* de achegar ningún tipo de *garantías*.

#### **125. Realizaranse actividades de inspección dos proxectos por parte da Axencia Galega de Innovación?**

Si, recibida a documentación xustificativa da subvención, e antes de proceder ao pagamento final da subvención, a Axencia Galega de Innovación comprobará a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención, sendo *obrigatoria a realización dunha actividade de inspección por parte da Axencia a todos os membros da agrupación*.

**126. Cal sería o importe das garantías se se opta polo pago anticipado?**

Segundo o *artigo 29* cada membro da agrupación deberá constituír garantías polo *valor da subvención que se lle anticiparía*.

**127. Cando e quen debe achegar os resgardos de constitución de garantías á Axencia Galega de Innovación?**

As garantías constituiranse ante a Caixa Xeral de Depósitos e a *achega dos seus resgardos de constitución ante a Axencia Galega de Innovación de todos os socios dun mesmo proxecto, realizarase conxuntamente polo representante do proxecto*.

Para o *primeiro pagamento anticipado*, a achega do resgardo da constitución da garantía deberá realizarse dentro dun *prazo de 30 días naturais*, contados dende o seguinte o da *notificación da resolución de concesión*.

A achega do *resgardo de constitución da garantía para o segundo pagamento*, deberá realizarse coa *presentación da xustificación da primeira anualidade*.

**128. Cando se liberarán as garantías?**

*Trala xustificación final do proxecto* se nela se acredita o *cumprimento total* dos obxectivos e condicións do proxecto e o investimento validamente xustificado é igual ao investimento aprobado *ou, en caso contrario, tralo reintegro total ou parcial da axuda*.